



Declaración de condolencia do presidente do Parlamento de Galicia logo de confirmarse o falecemento do galego Ignacio Echeverría no atentado de Londres

Confirmada na tarde de hoxe a morte de Ignacio Echeverría, un galego exemplar que perdeu a súa vida no atentado de Londres por salvar a vida doutras persoas, queremos desde o Parlamento facerlle chegar á súa familia a nosa condolencia, a nosa solidariedade. E dicirle que, desde logo, Ignacio estará sempre no noso recordo.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017